Cálculo de instalacións de iluminación - facer os cálculos de instalacións de iluminación, tanto exterior como interior	• Explicación de a realización dos cálculos e dimensionamento dunha instalación de iluminación • Explicación da realización dun proxecto de instalación de iluminación	• Realización de cálculos de instalacións de iluminación, tanto exteriores como interiores • Realización dun proxecto de instalación de iluminación	• Proxecto de instalación de iluminación	• Aula de ordenadores, pizarra, normativa, catálogos e documentación técnica	• LC.1 - proxecto de iluminación • LC.2 - proxecto de iluminación • PE.1 - cuestionarios dos cálculos de iluminación • PE.2 - cuestionarios dos cálculos de iluminación • PE.3 - cuestionarios dos cálculos de iluminación • PE.4 - cuestionarios dos cálculos de iluminación • TO.1 - probas prácticas de eficiencia enerxética	24,0
TOTAL						24,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	instalacións foltovoltaicas y solares	18

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os elementos que configuran instalacións solares foltovoltaicas, con descrición da súa función e das súas características técnicas e normativas.	SI



4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Clasificar e identificar unha instalación solar fotovoltaica	1	Clasificación e identificación os tipos e as partes dunha instalación solar fotovoltaica	18,0
TOTAL			18

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Clasifícanse as instalacións.	• PE.1 - cuestionario das instalacións	S	11
CA1.2 Identifícanse os parámetros e as curvas características dos paneis.	• PE.2 - cuestionario das instalacións	S	11
CA1.3 Identifícanse as condicións de funcionamento das baterías de distintos tipos.	• PE.3 - cuestionario das instalacións	S	11
CA1.4 Recoñécense as características e a misión do regulador.	• PE.4 - cuestionario das instalacións	S	11
CA1.5 Clasifícanse os tipos de convertedores.	• PE.5 - exame dos tipos de convertedores	S	11
CA1.6 Identifícanse as proteccións.	• PE.6 - cuestionario das instalacións	S	11
CA1.7 Recoñécense as características da estrutura soporte.	• PE.7 - cuestionario das instalacións	S	11
CA1.8 Recoñécense os elementos da instalación en planos e esquemas.	• LC.1 - actividade práctica na aula	S	11
CA1.9 Identifícase a normativa de aplicación.	• LC.2 - actividade práctica na aula	S	12
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Instalacións xeradoras de baixa tensión: condicións xerais e para a conexión. Cables de conexión. Formas de onda. Proteccións. Instalacións de posta a terra. Posta en marcha.



Contidos
0Placa de características dos paneis fotovoltaicos. Reguladores: funcións e parámetros característicos. Configuración de parámetros. Acumuladores: tipoloxía, mantemento, localización, precaucións e conexión. Convertedores: programación, bloques e mantemento. Sistemas de seguimento solar. Estruturas soporte. Servoaccionamentos. Proteccións contra sobrecargas, contra contactos directos e indirectos, contra sobretenións, etc. Sistemas de conexión do neutro e das masas en redes de distribución de enerxía. Proteccións do neutro. Clasificación de instalacións solares fotovoltaicas. Instalación solar illada. Grupos electróxicos. Especificacións. Instalacións de apoio: características; esquemas e simboloxía. Instalación solar fotovoltaica conectada á rede. Especificacións. Solicitude de punto de conexión. Parámetros de calidade de subministración. Sistema de medida de enerxía. Máxímetro. Achea enerxética. Normativa de aplicación: REBT, UNE, normativa reguladora de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica, normativa de conexión á rede, etc. Paneis solares: tipos, funcionamento e constitución. Paneis con reflectantes.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Clasificación e identificación os tipos e as partes dunha instalación solar fotovoltaica - Explicación teórica dunha instalación solar fotovoltaica	Explicación dos distintos tipos de instalacións solares fotovoltaicas, así como cada unha das súas partes	recoñecemento dos elementos dunha instalación solar fotovoltaica a partir un proxecto xa feito	Apuntes, catálogo de normativa e documentación técnica,	Aula de ordenadores, pizarra, normativa, catálogos e documentación técnica	- LC.1 - actividade práctica na aula - LC.2 - actividade práctica na aula	18,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					• PE.1 - cuestionario das instalacións • PE.2 - cuestionario das instalacións • PE.3 - cuestionario das instalacións • PE.4 - cuestionario das instalacións • PE.5 - exame dos tipos de convertedores • PE.6 - cuestionario das instalacións • PE.7 - cuestionario das instalacións	
TOTAL						18,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Cálculos realizados en instalaciones solares fotovoltaicas	24

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura instalacións solares fotovoltaicas, determinando as súas características a partir da normativa e as condicións de deseño.	SI



4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Clasificar e identificar unha instalación solar fotovoltaica	1	Explicar os distintos cálculos a facer nun proxecto dunha instalación fotovoltaica	10,0
2.1 Dimensionar unha instalación solar fotovoltaica	2	Desenvolver un proxecto dunha instalación solar fotovoltaica	14,0
TOTAL			24

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Interpretáronse as condicións previas de deseño.	• PE.1 - cuestionarios da normativa	S	11
CA2.2 Identificáronse as características dos elementos.	• LC.1 - proxecto de instalacións solares	S	11
CA2.3 Seleccionouse o emprazamento da instalación.	• LC.2 - proxecto de instalacións solares	S	11
CA2.4 Calculouse ou simulouse a produción eléctrica.	• LC.3 - proxecto de instalacións solares	S	11
CA2.5 Elaboráronse os esbozos de trazado e localización de elementos.	• LC.4 - proxecto de instalacións solares	S	11
CA2.6 Dimensionouse a instalación.	• LC.5 - proxecto de instalacións solares	S	11
CA2.7 Seleccionáronse os equipamentos e os materiais.	• LC.6 - proxecto de instalacións solares	S	11
CA2.8 Aplicáronse criterios de calidade e eficiencia enerxética.	• LC.7 - proxecto de instalacións solares	S	11
CA2.9 Elaboráronse os planos e esquemas.	• LC.8 - proxecto de instalacións solares	S	12
TOTAL			100



4.8.e) Contidos

Contidos
Condições de deseño. Cálculos: niveis de radiación, unidades de medida, zonas climáticas, mapa solar, rendemento solar, orientación e inclinación, determinación de sombras, coeficientes de perdas, cálculo de baterías, acumuladores, proteccións do sistema acumulador, cálculo d Características de equipamentos e elementos. Catálogos de fabricantes. Telexestión de instalacións fotovoltaicas. Procesos administrativos en instalacións solares fotovoltaicas. Instalacións que necesitan proxecto. Instalacións que necesitan memoria técnica. Marco normativo de subvencións: lexislación e convocatorias. Tramitación de subvencións. Normas internacionais.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Explicar os distintos cálculos a facer nun proxecto dunha instalación fotovoltaica - calculos dunha instalación fotovoltaica	Explicación dos distintos cálculos dunha instalación fotovoltaica	Realización de distintos cálculos dunha instalación fotovoltaica	Colección de exercicios resoltos	Aula de ordenadores, pizarra, normativa, catálogos, documentación técnica e exercicios propostos polo profesor	- LC.1 - proxecto de instalacións solares - LC.2 - proxecto de instalacións solares - PE.1 - cuestionarios da normativa	10,0
Desenvolver un proxecto dunha instalación solar fotovoltaica - proxecto dunha instalación solar fotovoltaica	Explicación do proxecto a desenvolver	Realización do proxecto dunha instalación solar fotovoltaica	Proxecto dunha instalación solar fotovoltaica	Aula de ordenadores, pizarra, normativa, catálogos e documentación técnica	- LC.3 - proxecto de instalacións solares - LC.4 - proxecto de instalacións solares - LC.5 - proxecto de instalacións solares - LC.6 - proxecto de instalacións solares - LC.7 - proxecto de inatacións solares	14,0



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					LC.8 - proxecto de instalacións solares	
TOTAL						24,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MINIMOS ESIXIBLES:

- Identifica os tipos de instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e iluminación exterior, describindo os seus elementos, as características técnicas e a normativa.
- Caracteriza as instalacións eléctricas de baixa tensión en locais de características especiais e instalacións con fins especiais, identificando a súa estrutura, o seu funcionamento e a normativa específica.
- Determina as características dos elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e con fins especiais, para o que realiza cálculos e consulta documentación de fábrica.
- Configura instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e con fins especiais, para o que analiza condicións de deseño e elabora planos e esquemas.
- Caracteriza instalacións de iluminación interior e exterior, identificando os seus compoñentes e analizando o seu funcionamento.
- Caracteriza os elementos que configuran instalacións solares fotovoltaicas, con descrición da súa función e das súas características técnicas e normativas.
- Configura instalacións solares fotovoltaicas, determinando as súas características



a partir da normativa e as condicións de deseño.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A nota final no proceso de avaliación atenderá aos seguintes porcentaxes:

Valoraranse tanto as probas teórico-prácticas como os traballos que se efectúen en cada avaliación. Os traballos terán un peso do 15% e os exames un 85% dentro deste apartado.

Probas escritas85% da nota.

Realizaranse probas escritas con cuestións teóricas curtas sobre os contidos conceptuais das unidades didácticas a examinar. No mesmo exame valoraranse os contidos procedimentais con supostos prácticos desas unidades.

Cualificaranse de 0 a 10 e farán media aritmética entre eles de xeito ponderado. Os exames aprobados serán liberatorios de materia para o exame final. Nunca fará media para o cálculo da nota final os exames cunha cualificación inferior a 4.

A cualificación FINAL das probas escritas virá determinada pola media das probas parciais, tendo en conta o peso relativo de cada unha delas para o cálculo da nota final.

Se un alumno suspende o exame parcial, irá o exame de avaliación con todos os temas de dita avaliación. Caso de aprobar dito exame a nota media calcúlase como se recuperase o parcial suspenso cun 5. E se fará media ponderada en función dos temas entre o exame parcial e o exame de avaliación.

Para acudir a ditas probas escritas será obrigatorio presentarse co material necesario para a realización do mesmo.

Os teléfonos móbiles non serán admitidos como calculadoras, salvo que o profesor encargado do exame considere válido o seu uso.

Os alumnos que non poidan acudir o exame na data establecida non terán dereito a repetición do mesmo, salvo causa debidamente xustificada con xustificante oficial (requirimento xudicial ou ingreso hospitalario, revisión médica..... por exemplo).

Traballos (individuais, por parellas ou en grupos):.....15% da nota.



Valoración de cada traballo (sobre 10 puntos):

- Bo acabado e presentación do traballo. (1 puntos)
- Secuenciación e estruturación correcta do traballo. (1,5 puntos)
- Demostra un coñecemento completo do tema. (1,5 puntos).
- É quen de contestar con precisión todas as preguntas plantexadas. (1,5 puntos).
- Demostra capacidade de síntese en aqueles aspectos que o precisan. (1,5 puntos).
- Boa comunicación na presentación oral (volumen de voz axeitado, boa postura corporal, vocabulario correcto e apropiado, discurso estruturado, pouca utilización de apoios escritos) (1,5 puntos).
- Precisión no manexo e organización da documentación. (1,5 puntos)

Os traballos e prácticas entregados con retraso ou fora da data establecida suporán unha nota máxima de 5 puntos.

CÁLCULO DA NOTA FINAL:

O alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 5 puntos en cada un dos diferentes apartados citados anteriormente.

A cualificación final da avaliación será a suma dos apartados anteriores (exames escritos e prácticas e traballos).

Para poder aprobar a materia deberá obterse como mínimo un 5 en cada un dos apartados avaliados (conceptuais e procedimentais).

Unha avaliación suspensa non se recuperará aprobando a seguinte avaliación, senón que deberá acudir ao exame final do módulo. As probas aprobadas son liberatorias de materia.

A asistencia é obrigatoria e perderase o dereito á avaliación continua cando o alumno non xustifique as faltas de asistencia ao 10% do cómputo horario do módulo (14 horas).

É obrigatoria a asistencia ás actividades complementarias e extraescolares.

C.- SISTEMA DE AVALIACIÓN

Realizaranse exames parciais, liberatorios de materia, para examinar os contidos conceptuais e os contidos procedimentais.

D.- CRITERIOS DE CORRECCIÓN



Nas probas escritas valorarase a correcta asimilación dos contidos, a profundidade dos coñecementos, a claridade na exposición e o correcto emprego da terminoloxía técnica deses contidos.

Nas probas sobre os contidos procedimentais valorarase a correcta execución das probas. De tódolos xeitos, si o alumno non soluciona correctamente o exercicio ou suposto pero o plantexa correctamente acadará como mínimo o 40 % da nota dese suposto.

E.- MÍNIMOS ESIXIBLES

Os indicados en cada unha das unidades didácticas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Aqueles alumnos que teñan avaliación suspensa poderán recuperala no transcurso da seguinte. Para iso, deberán realizar os proxectos e/ou probas escritas que non superen, segundo as instrucións do profesor.

Para recuperar devandita avaliación o alumno deberá obter en devanditas pobras e/ou proxectos unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Neste caso, considerarase aprobada a avaliación e a súa nota será de 5, independentemente da valoración obtida no proceso de recuperación.

Se deste xeito non consegue recuperala, o alumno disporá dunha última oportunidade. No mes de xuño efectuarase unha proba escrita global, a cal acudiran aqueles alumnos que teñan algunha avaliación pendente. Desta proba, cada alumno deberá realizar a parte ou partes que teñan suspensas. Para poder acudir a esta proba, o alumno/a deberá ter entregados tódolos traballos e proxectos realizados ao longo do curso.

Para superar o módulo deberá obter en dita proba unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Como no caso anterior, a nota máxima que poderá obter en cada unha das avaliacións que pretenden recuperar non será superior a 5 puntos. No caso de superar esta proba, a nota media do módulo farase do mesmo xeito que no caso ordinario explicada anteriormente.

RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Realizaranse probas parciais do módulo onde se examinen os contidos procedimentais e os conceptuais, valorados conxuntamente.



Sexa o módulo pendente do primeiro ou do segundo ano do ciclo, os alumnos acudirán ás clases presenciais que marque o profesor para poder repasar os contidos que o requiran, e recibirá tarefas que permitan alcanzar as capacidades terminais do módulo.

Será responsabilidade do alumno, co módulo pendente, informarse das datas do Exame Escrito correspondente a cada avaliación e das datas de recuperación das Prácticas. Os Exames Escritos e as Prácticas terán as mesmas características que as probas deseñadas para os alumnos de primeira matrícula.

O profesor terá en conta as necesidades educativas especiais dos alumnos, aplicando as medidas correctoras que sexan precisas para poder realizar con éxito o proceso de ensino-aprendizaxe.

Se o alumno non supera o exame final, é dicir, non acada os contidos mínimos deste módulo, será cualificado cunha nota de 4 ou inferior e terá que recuperar os contidos referidos a tódalas unidades didácticas do módulo no vindeiro curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Si un alumno tivese máis dun 10% de faltas de asistencia inxustificadas -tres faltas de puntualidade asimílanse a unha falta de asistencia inxustificada- ao longo do curso automaticamente perderá o dereito á avaliación continua, debendo examinarse de todo o módulo no exame final de Xuño, no que se examinarán contidos conceptuais e procedimentais. Unha nota inferior a un 5 tanto en contidos conceptuais como procedimentais no exame final implicará unha cualificación final de catro ou menos.

No caso que se aplique á medida da perda do dereito a avaliación continua, se lle comunicará convenientemente ó alumno e a súa familia, e deberá presentarse a convocatoria de xuño a un exame de recuperación atendendo os criterios de avaliación mínimos esixidos de todos os bloques temáticos do módulo, independentemente de que non momento da perda da avaliación tivera algunha parte aprobada.

Ademais deberá presentar unha serie de actividades convenientemente comunicadas polo profesor que determinarán a cualificación final do módulo en convocatoria ordinaria.

Atendendo a situación excepcionais por as que o alumno perderá a avaliación continua se lle podería eximir das partes que tivera aprobadas antes da perda da avaliación continua.

Preténdese facer unha distinción clara da perda de avaliación continua por inasistencia voluntaria a clases, da perda por unha circunstancia axena á vontade do alumno.

A nota de recuperación será como máximo de 5 ptos.



7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Levarase un rexistro da materia explicada semanalmente e valorarase si se cumpriu co planificado, analizando as posibles causas de desvío e sacando conclusións oportunas para realizar, de selo caso, os posibles axustes.

Asemesmo comprobarase a idoneidade dos materiais aportados e se foron motivadores. Analizarase a riqueza das interaccións profesor-alumno e as novas aportacións xurdidas

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso escolar realizaranse reunión a nivel de departamento e con orientación do centro para realizar unha avaliación inicial dos alumnos co fin de intentar coñecer o ambiente social e familiar no que se desenvolven, así como a motivación cara o ciclo, nivel formativo e posibles inquietudes.

A fonte de datos a utilizar para a avaliación inicial poden ser:

- a.- de tipo documental: Informes individualizados dispoñibles da etapa anterior
- b.- de tipo observacional: seguimento da evolución académica do alumnado.

Ao inicio de cada unidade didáctica farase unha actividade inicial para coñecer os coñecementos previos sobre o tema observando o punto de partida de cada alumno

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O profesor terá en conta as necesidades educativas especiais dos alumnos, aplicando as medidas correctoras que sexan precisas para poder realizar con éxito o proceso de ensino-aprendizaxe.

Segundo o momento en que se detecten, reforzaranse repetindo as explicacións, mandando traballos específicos adaptados ás circunstancias que concorran no alumno, e noutros casos mandaranse exercicios máis sinxelos para unha mellor comprensión, pero cumprindo os mínimos.

No traballo habitual na aula, estes alumnos con necesidades educativas especiais integraránse en grupos de traballo mixtos e diversos, co obxecto de que en ningún momento se poidan sentir discriminados. O profesor lles subministrará o apoio que demanden así como o estímulo que considere oportuno co obxecto de reforzar esa integración

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

1.- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE.

Nas unidades didácticas, aparecen referencias sobre as normas de hixiene e seguridade no traballo, así como as preocupacións e coidados necesarios no emprego de determinadas ferramentas, máquinas e sistemas.

2.- EDUCACIÓN PARA O CONSUMIDOR

O deterioro e a degradación do medio ambiente é unha consecuencia directa da sociedade consumista, insensible ante unha forma de actuar descontrolada e de auténtico sen sentido. Dado que a maioría dos produtos que consumimos orixínanse a través de un proceso tecnolóxico e teñen relación directa coa electrónica, parece conveniente que o fondo deste módulo poda ter unha maior incidencia sobre o alumnado. O módulo debe dotar os alumnos/as dunha capacidade para escoller un determinado produto (consumo enerxético, reciclaxe integral, etc.) en función duns argumentos racionais. Así, apartalos de estereotipos ou valores prefixados pola sociedade de consumo ou pola costume, ensinándolles que non sempre é o mellor.

3.- EDUCACIÓN AMBIENTAL

Dende a electrónica, este tema adquire unha gran relevancia, xa que afecta directamente a conceptos tan importantes como o aforro enerxético e a reciclaxe de tódolos componentes de carácter eléctrico e electrónico, moitos deles considerados como altamente contaminates e polo tanto perigosos.

O desenvolvemento das unidades didácticas debe contribuir a crear unha conciencia cidadá na que prevalezca a necesidade de preservar os medios naturais e medioambientais así como a racionalización do uso da enerxía eléctrica e os recursos, de tal modo que poda existir un equilibrio no que se poda afirmar que progreso non é sinónimo de destrución do medioambiente. Ademais, debe concienciarse o alumno/a de que gaste só o papel necesario e ensinarlle onde poden tirar os residuos considerados perigosos para o medio ambiente.

4.- EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE

O longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, transmitiráselles a tódolos alumnos/as a idea fundamental e básica de que todos/as somos e debemos comportarnos como iguais. Non se farán distincións por idade, raza, sexo ou ideas relixiosas ou políticas. Evitaráanse, entre outras cousas, a sobreprotección das rapazas a hora de abordar un problema de carácter técnico.

5.- EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

O desenvolvemento do respecto polas normas de convivencia e participación cidadá aplícase en numerosas actividades onde se require un consenso de grupo para tomar unha serie de decisións ou para realizar unha determinada montaxe. Debe potenciarseneles a aceptación e o respecto de opinións distintas ás propias. Ademais o alumnado debe ter claro o concepto de orde na realización das probas.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares non adoitan ser específicas para cada módulo, xa que adoitan adaptarse ás viaxes organizadas polo Departamento Eléctrico, aínda que nalgún caso se poden realizar algúns desprazamentos particulares como no caso de visitas a obras onde se estean a realizar instalacións deste tipo.

De todos os xeitos, proporase unha saída con todos/as os alumnos e alumnas para facer unha visita (se fose posible) a unha central hidráulica cercana polos encoros da contorna, da empresa suministradora de enerxía eléctrica Iberdrola Generación, S.A. Se non tivéssemos os permisos necesarios para visitar este tipo de instalacións, tratarase de facer unha visita a unha gran industria ou proceso de produción en cadea para que os alumnos/as vexan "in situ" unha industria automatizada e as súas características eléctricas.

Ademais, tamén se propoñerá ir visitar as FP Skills (campionato galego de F.P.) no recinto ferial de Silleda (xeralmente adoita ser polo mes de novembro) e tamén a FP Innova (feira anual de proxectos de innovación educativa) no edificio do Gaiás na cidade da cultura en Santiago de Compostela (xeralmente adoita ser polo mes de abril-maio).